



## ANUNCIO

### **Aprobación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos no procedemento para a contratación laboral de duración determinada dun psicopedagogo.**

O 08/09/2016, en cumprimento do previsto na base 5ª das que han de rexer o proceso selectivo para a contratación laboral de duración determinada dun psicopedagogo, a Alcaldía- Presidencia resolveu:

**"Primeiro.-** Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos no proceso selectivo para a contratación laboral temporal dun psicopedagogo, que é a seguinte:

a) Admitidos:

<b>Aspirantes</b>
Castro Romero, María
Faya Angueira, Leonor
Fernández Vázquez, Sara
Lage Vila, Lucía
Pouso Ben, Paula
Vázquez Pérez, Susana

b) Excluídos e causa da exclusión:

- Ningún.

**Segundo.-** Dispor a publicación da listaxe de aspirantes admitidos e excluídos no procedemento selectivo no taboleiro de editos e na web do concello. Por non haber erros nin deficiencias nas instancias presentadas polos interesados, a listaxe ten a consideración de definitiva.

**Terceiro.-** Designar aos membros do tribunal que deberá xulgar o proceso selectivo:

- Presidente: D. José Manuel Suárez Sandomingo.
- Vogal: Dª. Laura Malvar Méndez.
- Secretario: D. José Manuel González García."

**RECURSOS:** Contra este acto de trámite que decide directa ou indirectamente sobre o fondo do asunto poderá interpoñerse potestativamente recurso de reposición, no prazo dun mes, a contar desde o seguinte día hábil á publicación deste anuncio perante a Alcaldía. Se transcorrido un mes dende a interposición do recurso non se notificou a súa resolución expresa, terase por desestimado e poderá interpoñerse recurso contencioso- administrativo ante o Xulgado do Contencioso- Administrativo, no prazo de 6 meses a contar dende o día seguinte a aquel no que o concello tería que resolver o recurso de reposición, na forma e cos requisitos esixidos na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso- Administrativa. Para o caso de desestimarse o recurso de reposición, o prazo para interpoñer o recurso contencioso- administrativo será de dous meses ante o órgano da xurisdición contencioso- administrativa.

De tódolos xeitos, pódese interpor directamente o recurso contencioso- administrativo, sen necesidade de interpoñer previamente o recurso de reposición, ante o órgano da xurisdición contencioso- administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o seguinte día hábil ao da publicación. Todo iso sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que o interesado estime pertinente.

Porto do Son, 15 de setembro de 2016.

O Alcalde- Presidente,  
Asdo. José Luis Oujo Pouso.

